



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,  
EMPREGO E INDUSTRIA  
Secretaría Xeral Técnica

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA  
REXISTRO DA SECRETARÍA XERAL DE EMPREGO  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 15/05/2018 09:23:47

ENTRADA 5777 / RX 1307608



(Rexistro de Entrada)

## PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS

### 1. PRESENTADOR:

D./Dña. FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA DE FORMACIÓN PARA O TRABALLO		DNI: G7041924	
ENDEREZO: EDIF. ADMINISTRATIVO S. LÁZARO, S/N - CONSELLERÍA DE ECONOMÍA EMPREGO E INDUSTRIA			
LOCALIDADE SANTIAGO	PROVINCIA A CORUÑA	CÓD. POSTAL 15.781	TELÉFONO 881 995 370
			FAX 881 995 376

### 2. DOCUMENTACIÓN QUE XUNTA:

- SOLICITUDE DE PRESENTACIÓN DE DEPÓSITO CONTAS ANUAIS 2017.-
- CERTIFICADO DE APROBACIÓN DE CONTAS
- LIBRO DE CONTAS ANUAIS 2017.-



### 3. SOLICITUDE:

Presenta, no Rexistro da Consellería de Economía, Emprego e Industria do Edif. Activo. De S. Lázaro, en Santiago de Compostela, a documentación que se cita no apartado anterior coa finalidade de PRESENTACIÓN DE DEPÓSITO DE PROTECTORADO DE FUNDACIONES DE CONTAS ANUAIS DO EXERCICIO 2017 DA FOGET

Procedemento administrativo \_\_\_\_\_

Número do expediente: \_\_\_\_\_

En Santiago de Compostela, a 15 de maio de 2018



Asdo: P.D. ANTONIO S. GESTO

### 4. DESTINATARIO:

Organismo/Dependencia: CONS. ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA - PROTECTORADO DE FUNDACIONES

Localidade: S. CAETANO



Fundación Pública  
Galega da Formación  
para o Traballo

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n  
15708 Santiago de Compostela

Consellería de Economía,  
Emprego e Industria

Fax: 881 995 376  
Teléfono: 881 995 370  
981 545 695

e-Mail: info@fpgft.org  
Portal web: www.fpgft.org

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA  
Protectorado de Fundacións  
Edificio Administrativo San Caetano, s/n – Bloque 5 – 4ª Planta  
15781 Santiago de Compostela  
A Coruña

Ref.: 0808

Achégase, a efectos de presentación conforme o Decreto 14/2009 de 21 de xaneiro de Regulamento de fundacións de interese galego, o libro de contas anuais 2017 da Fundación Pública Galega da Formación para o Traballo, así mesmo comunícase, o abeiro do artigo 37 da Lei 12/2006, de 1 de decembro, que non existe obriga por parte da Fundación de auditar as contas da mesma.

En Santiago de Compostela a 15 de maio de 2018

O Presidente da FPGFT



Fundación Pública  
Galega da Formación  
para o Traballo  
G - 70141924

D. José Alfonso Marnotes González



# **CONTAS ANUAIS 2017**



**Fundación Pública  
Galega da Formación  
para o Traballo**

# CERTIFICACIÓN



Fundación Pública  
Galega da Formación  
para o Traballo





**CERTIFICADO ACREDITATIVO DA APROBACIÓN DE CONTAS ANUAIS**

Dona Rosanna López Salgueiro, na súa calidade de secretaria do Padroado da Fundación Pública Galega da Formación para o Trabalho, inscrita no Rexistro de Fundacións de interese galego (sección Consellería de Economía, Emprego e Industria) co número 2008/11,

CERTIFICA:

1º.- Que con data 18 de abril, logo de convocatoria, se celebrou reunión do Padroado número 1/2018, coa asistencia dos membros que se relacionan:

1. José Alfonso Marnotes González <sup>(1)</sup>
2. Covadonga Toca Carús
3. Marta Amate López
4. José Luis Fernández Celis
5. Maica Bouza Seoane

<sup>(1)</sup>Delegan o seu voto no presidente

1. Lourdes Ledo Moure
2. Juan Carlos Pernas Maques
3. Marisa Mallo Fernández
4. Juan Cividanes Roger
5. Patricia Argerey Vilar

2º.- Que na acta da reunión consta que foron adoptados, de conformidade cos requisitos establecidos nos estatutos da Fundación, por maioría os seguintes acordos:

a) APROBAR AS CONTAS ANUAIS correspondentes ao exercicio 2017 pechado o 31 de decembro de 2016.

b) QUE O RESULTADO CONTABLE e de -5.008,21 euros.

3º.- Que as contas anuais aprobadas, integradas polos documentos previstos no artigo 36 da Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego, se xuntan en anexo a esta certificación e foron asinadas polo presidente da FPGFT.

4º.- Que a Fundación reúne os requisitos legalmente establecidos para formular as contas segundo modelo para pemes.

5º. Que non está obrigada a someter as súas contas a verificación de auditor.

E para que así conste expido a presente certificación en Santiago de Compostela, 15 de maio de 2018

A SECRETARIA



Fundación Pública  
Galega da Formación  
para o Trabalho  
G - 70141924  
Asdo.: Rosanna López Salgueiro

Vº Pr. O PRESIDENTE



Fundación Pública  
Galega da Formación  
para o Trabalho  
G - 70141924  
Asdo.: José Alfonso Marnotes González

# MEMORIA



Fundación Pública  
Galega da Formación  
para o Traballo

*Handwritten signature*

**MEMORIA 2017**

**FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA DA FORMACIÓN PARA O TRABALLO  
G70141924**

- 01 - ACTIVIDADE DA FUNDACIÓN**
- 02 - BASES DE PRESENTACIÓN DAS CONTAS ANUAIS**
- 03 - NORMAS DE REXISTRO E VALORACIÓN**
- 04 - INMOBILIZADO MATERIAL NON XERADOR DE FLUXOS DE EFECTIVO, INTANXIBLE E INVESTIMENTOS INMOBILIARIOS**
- 05 - ACTIVOS FINANCEIROS**
- 06 - PASIVOS FINANCEIROS**
- 07 - FONDOS PROPIOS**
- 08 - USUARIOS E OUTROS DEBEDORES DA ACTIVIDADE PROPIA**
- 09 - SITUACIÓN FISCAL**
- 10 - ACTIVIDADE DA ENTIDADE. RECURSOS TOTAIS OBTIDOS. RECURSOS TOTAIS EMPREGADOS.**
- 11 - APLICACIÓN DE ELEMENTOS PATRIMONIAIS A FINS PROPIOS**
- 12 - OPERACIÓNS CON PARTES VINCULADAS**
- 13 - OUTRA INFORMACIÓN**
- 14 - INVENTARIO**
- 15 - ASPECTOS DERIVADOS DA TRANSICIÓN ÁS NOVAS NORMAS CONTABLES**
- 16 - OUTRA INFORMACIÓN ESIXIBLE POLA LEI 49/2002**
- 17- INFORMACIÓN SOBRE OS APRAZAMENTOS DE PAGAMENTO EFECTUADOS A PROVEDORES. DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCEIRA. "DEBER DE INFORMACIÓN" DA LEI 15/2010, DE 5 DE XULLO**





## **01 - ACTIVIDADE DA FUNDACIÓN**

A FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA DA FORMACIÓN PARA O TRABALLO, fundación do sector público de Galicia, de carácter tripartito e paritario sen ánimo de lucro con personalidade xurídica propia, foi constituída en escritura pública outorgada en Santiago de Compostela, o día cinco de maio de 2008, ante o notario José Antonio Cortizo Nieto, e ten o seu domicilio social e fiscal no Edificio Administrativo San Lázaro, s/n – Consellería de Traballo e Benestar, Santiago de Compostela – A Coruña.

En data 5 de abril de 2011, en reunión ordinaria nº1/2011 do Padroado da Fundación Pública Galega da Formación Para o Traballo aprobouse por unanimidade a modificación dos estatutos da Fundación para a súa adaptación a Lei 16/2010, do 17 de decembro, de Organización e Funcionamento da Administración Xeral e do Sector Público Autonómico de Galicia. Dito acordo se elevou a público en data 20 de decembro do 2011.

### **FINS DA FUNDACIÓN:**

A Fundación ten por obxecto:

- Promover, aplicar e implementar actuacións tendentes á configuración dun sistema integrado de formación profesional en Galicia.
- Promover a eficiencia e a eficacia das políticas de formación a través do análise e mellora continuada das mesmas.
- Impulsar e estender entre os empresarios e os traballadores unha formación que responda as súas necesidades e contribúa ao desenvolvemento dunha economía baseada no coñecemento.
- Favorecer a formación ao longo da vida dos traballadores mellorando a súa capacitación profesional e promoción persoal.
- Proporcionar aos traballadores os coñecementos e as prácticas adecuadas aos requirimentos do mercado de traballo e as necesidades das empresas.
- Contribuír á mellora da produtividade e competitividade das empresas, e a estabilidade e calidade do emprego.
- Calquera outro fin que conduza o cumprimento do obxecto fundacional.

No punto 10 da presente memoria detállanse as actividades realizadas pola Fundación durante o 2017.

## **02 - BASES DE PRESENTACIÓN DAS CONTAS ANUAIS**

### **1. Imaxe fiel:**

As contas anuais preparáronse a partir dos rexistros contables, despois de aplicarse as disposicións legais vixentes en materia contable co obxecto de mostrar a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da Entidade.

### **2. Principios contables:**

Non foi necesario, nin se creu conveniente por parte da dirección da fundación, a aplicación de principios contables facultativos distintos dos obrigatorios a que se refire o art.º 38 do código de comercio, a parte primeira do Plan Xeral de Contabilidade PEME e a adaptación do Plan Xeral de Contabilidade as entidades sen fins de lucro.

### 3. Aspectos críticos da valoración e estimación da incerteza:

Na elaboración das contas anuais correspondentes ao exercicio 2017 determináronse estimacións e hipóteses en función da mellor información dispoñible a 31/12/2017 sobre os feitos analizados. É posible que acontecementos que poidan ter lugar no futuro obriguen a modificálas (á alza ou á baixa) en próximos exercicios o que se faría de forma prospectiva, recoñecendo os efectos do cambio de estimación nas correspondentes contas anuais futuras.

### 4. Comparación da información:

Facendo uso do establecido na disposición transitoria única do Real Decreto 1491/2011, do 24 de outubro, polo que se aproban as normas de adaptación do Plan Xeral de Contabilidade ás entidades sen fins lucrativos e o modelo de plan de actuación das entidades sen fins lucrativos; nas presentes contas anuais se inclúe a comparación dos estados financeiros do exercicio actual cos do exercicio anterior, adaptados os novos criterios.

### 5. Elementos recollidos en varias partidas

Non existen elementos patrimoniais do Activo ou do Pasivo que figuren en máis dunha partida do Balance

### 6. Cambios en criterios contables.

No presente exercicio, non se realizaron outros cambios en criterios contables dos marcados pola adaptación do Plan Xeral de Contabilidade as entidades sen fins de lucro.

### 7. Corrección de erros.

Non se detectaron erros existentes ao peche do exercicio que obriguen a reformular as contas, os feitos coñecidos con posterioridade ao peche, que poderían aconsellar axustes nas estimacións do peche do exercicio, foron comentados nos seus apartados correspondentes.

## **03 - NORMAS DE REXISTRO E VALORACIÓN**

Aplicáronse os seguintes criterios contables:

### **1. Inmobilizado intanxible:**

Os activos intanxibles rexístranse polo seu custo de adquisición e ou/produción e, posteriormente, valóranse ao seu custo menos, segundo proceda, a súa correspondente amortización acumulada e ou/perdas por deterioro que experimentasen. Estes activos amortízanse en función da súa vida útil.

Os activos intanxibles amortízanse de xeito lineal en función dos anos de vida útil estimada que se consideraron que son 3 anos.

Analizados todos os factores, non se recoñecen inmobilizados intanxibles con vida útil indefinida.



## **2. Inmobilitado material:**

### a) Custo

Os bens comprendidos no inmovilitado material valoráronse polo prezo de adquisición ou custo de produción, minorado polas correspondentes amortizacións acumuladas e calquera perda por deterioro de valor coñecida. O prezo de adquisición ou custo de produción inclúe os gastos adicionais que se producen necesariamente ata a posta en condicións de funcionamento do ben.

Os custos de ampliación, substitución ou renovación que aumentan a vida útil do ben obxecto, ou a súa capacidade económica, contabilízanse como maior importe do inmovilitado material, co conseguinte retiro contable dos elementos substituídos ou renovados. Así mesmo, os gastos periódicos de mantemento, conservación e reparación, impútanse a resultados, seguindo o principio de deveño, como custo do exercicio en que se incorren.

Non se produciron durante ou exercicio partidas que puidesen ser consideradas, a xuízo da Administración da empresa, como ampliación, modernización ou mellora do inmovilitado material.

Non se realizaron traballos da empresa para o seu inmovilitado.

### b) Amortizacións

As amortizacións establecéronse de xeito sistemático e racional en función da vida útil dos bens e do seu valor residual, atendendo á depreciación que normalmente sofren polo seu funcionamento, uso e desfrute, sen prexuízo de considerar tamén a obsolescencia técnica ou comercial que puidese afectalos. Amortizouse de forma independente cada parte dun elemento do inmovilitado material e de forma lineal:

	<b>Anos de vida útil estimada</b>
<b>Instalacións técnicas</b>	6-7
<b>Mobiliario e aparellos</b>	10
<b>Equipos para procesos de información</b>	4
<b>Outro inmovilitado material</b>	10

### c) Elementos do inmovilitado material non xeradores de fluxos de efectivo.

Os elementos de inmovilitado material non xeradores de fluxos de efectivo son os que se posúen pola entidade con unha finalidade distinta á de xerar un rendemento comercial, como poden ser os fluxos económicos sociais que xeran os devanditos activos e que benefician á colectividade, isto é, o seu beneficio social ou potencial do servizo.

## **3. Terreos e construcións cualificadas como investimentos inmobiliarios:**

Non hai terreos nin construcións cualificadas como investimentos inmobiliarios no balance da empresa.

#### **4. Permutas:**

Durante o exercicio non se produciu ningunha permuta de carácter comercial nin non comercial.

#### **5. Instrumentos financeiros:**

a) Criterios empregados para a cualificación e valoración das diferentes categorías de activos financeiros.

Os activos financeiros, para os efectos da súa valoración, clasificáronse nalgunha das seguintes categorías:

##### 1. Activos financeiros a custo amortizado

Os activos financeiros incluídos nesta categoría valoráronse inicialmente polo custo, que equivalerá ao valor razoable da contraprestación entregada máis os custos de transacción que lle foron directamente atribuíbles; non obstante, estes últimos poderán rexistrarse na conta de perdas e ganancias no momento do seu recoñecemento inicial.

Non obstante, os créditos por operacións comerciais con vencemento non superior a un ano e que non teñen un tipo de xuro contractual, así como os anticipos e créditos ao persoal, as fianzas, os dividendos a cobrar e os desembolsos esixidos sobre instrumentos de patrimonio, cuxo importe se espera, recibir no curto prazo, valoráronse polo seu valor nominal porque o efecto de non actualizar os fluxos de efectivo non é significativo.

Posteriormente, estes activos financeiros valóranse polo seu custo amortizado. Os intereses percibidos contabilízanse na conta de perdas e ganancias, aplicando o método do tipo de xuro efectivo.

##### 2. Activos financeiros mantidos para negociar

Os activos financeiros mantidos para negociar valoráronse inicialmente polo custo, que equivale ao valor razoable da contraprestación entregada. Os custos de transacción que lle foron directamente atribuídos recoñecéronse na conta de perdas e ganancias do exercicio. Forman parte da valoración inicial o importe dos dereitos preferentes de subscrición e similares que, se é o caso, se tivesen adquirido.

Posteriormente, valoráronse polo seu valor razoable, sen deducir os custos de transacción en que se puidese incurrir na súa alienación. Os cambios que se produciron ou produzan no valor razoable imputáronse na conta de perdas e ganancias do exercicio.

##### 3. Activos financeiros o custo

Valóranse inicialmente ao custo, que equivale ao valor razoable da contraprestación entregada máis os custos de transacción que lle foron directamente atribuíbles. Forman parte da valoración inicial o importe dos dereitos preferentes de subscrición e similares que, se é o caso, se tivesen adquirido.

Posteriormente valóranse polo seu custo, menos, se é o caso, o importe acumulado das correccións valorativas por deterioración.



### Intereses e dividendos recibidos de activos financeiros

Os intereses e dividendos de activos financeiros percibidos con posterioridade ao momento da adquisición recoñécense como ingresos na conta de perdas e ganancias. Os intereses recoñecéronse utilizando o método do tipo de xuro efectivo e os dividendos cando se declarou o dereito do socio a recibilo.

### Baixa de activos financeiros

A empresa dará de baixa un activo financeiro, ou parte deste, cando expiren os dereitos derivados deste ou se ceda a súa titularidade, sempre e cando o cedente se desprendese dos riscos e beneficios significativos inherentes á propiedade do activo.

Nas operacións de cesión nas que de acordo co anterior non proceda dar de baixa o activo financeiro rexistrárase adicionalmente o pasivo financeiro derivado dos importes recibidos.

b) Criterios empregados para a cualificación e valoración das diferentes categorías de pasivos financeiros.

Os pasivos financeiros, para os efectos da súa valoración, clasificáronse nalgunha das seguintes categorías:

#### 1. Pasivos financeiros a custo amortizado

Os pasivos financeiros incluídos nesta categoría valóranse inicialmente polo custo, que equivale ao valor razoable da contraprestación recibida axustado polos custos de transacción que lles sexan directamente atribuíbles; non obstante, estes últimos, así como as comisións financeiras que se carguen á empresa cando se orixinen as débedas con terceiros rexistráronse na conta de perdas e ganancias no momento do seu recoñecemento inicial.

Non obstante o sinalado no parágrafo anterior, os débitos por operacións comerciais con vencemento non superior a un ano e que non teñan un tipo de xuro contractual, así como as fianzas e os desembolsos esixidos por terceiros sobre participacións, cuxo importe se espera pagar no curto prazo, valoráronse polo seu valor nominal, porque o efecto de non actualizar os fluxos de efectivo non é significativo.

Posteriormente, os pasivos financeiros incluídos nesta categoría valóranse polo seu custo amortizado. Os intereses percibidos contabilízanse na conta de perdas e ganancias, aplicando o método do tipo de xuro efectivo.

#### 2. Pasivos financeiros mantidos para negociar

Para a valoración destes pasivos financeiros utilizáronse os mesmos criterios que os sinalados no apartado de activos financeiros mantidos para negociar.

### Baixa de pasivos financeiros

A entidade dará de baixa un pasivo financeiro cando a obriga se extingue. Tamén dará de baixa os pasivos financeiros propios que adquira, aínda que sexa coa intención de recolocalos no futuro.

c) Instrumentos de patrimonio neto propio en poder da empresa:

No se contabilizaron instrumentos de patrimonio neto durante o exercicio.

## **6. Existencias:**

A Fundación non posúe existencias no exercicio 2017.

## **7. Transaccións en moeda estranxeira:**

Non existen transaccións en moeda estranxeira.

## **8. Imposto sobre beneficios:**

O gasto por imposto sobre beneficios representa a suma do gasto por imposto sobre beneficios do exercicio así como polo efecto das variacións dos activos e pasivos por impostos anticipados, diferidos e créditos fiscais.

O gasto por imposto sobre beneficios do exercicio calcúlase mediante a suma do imposto corrente que resulta da aplicación do tipo de gravame sobre a base imponible do exercicio, tras aplicar as deducións que fiscalmente son admisibles, máis a variación dos activos e pasivos por impostos anticipados / diferidos e créditos fiscais, tanto por bases impositivas negativas coma por deducións.

Con ocasión de cada peche contable, revísanse os impostos diferidos rexistrados (tanto activos coma pasivos) co obxecto de comprobar que se manteñen vixentes, efectuándose as oportunas correccións aos mesmos de acordo cos resultados das análises realizadas.

## **9. Ingresos e gastos: prestacións de servizos realizados pola empresa.**

Os ingresos e gastos impútanse en función do principio de deveño, é dicir, cando se produce a corrente real dos bens e servizos que estes representan, con independencia do momento que se produza a corrente monetaria ou financeira derivada deles. Concretamente, os ingresos calcúlanse ao valor razoable da contraprestación a recibir e representan os importes a cobrar polos bens entregados e os servizos prestados no marco ordinario da actividade, deducidos os descontos e impostos.

Os ingresos por intereses percíbense seguindo un criterio financeiro temporal, en función do principal pendente de pagamento e o tipo de xuro efectivo aplicable. Os servizos prestados a terceiros recoñécense ao formalizar a aceptación por parte do cliente. Os cales, no momento da emisión de estados financeiros se encontran realizados pero non aceptados, valóranse ao menor valor entre os custos producidos e a estimación de aceptación.

Os ingresos encóntranse valorados polo importe realmente percibido e os gastos polo custo de adquisición, despois de contabilizarse segundo o criterio de deveño.

## **10. Provisións e continxencias:**

As contas anuais da Entidade recollen todas as provisións significativas nas cales é maior a probabilidade que se haxa de atender a obriga. As provisións recoñécense unicamente sobre a base de feitos presentes ou pasados que xeren obrigas futuras. Cuantifícanse tendo en consideración a mellor información dispoñible sobre as consecuencias do suceso que as motivan e vólvense a estimar con ocasión de cada peche contable. Utilízanse para afrontar as obrigas específicas para as cales foron recoñecidas orixinalmente. Procédese á súa reversión total ou parcial, cando estas obrigas deixan de existir ou diminúen.



**11. Gastos de persoal: compromisos por pensións:**

Os gastos de persoal inclúen todos os soldos e as obrigas de orde social obrigatorias ou voluntarias percibidas en cada momento, recoñecendo as obrigas por pagas extras, vacacións ou soldos variables e os seus gastos asociados.

A empresa non realiza retribucións a longo prazo ao persoal.

**12. Subvencións, doazóns e legados:**

As subvencións, doazóns e legados non reintegrables contabilízanse como ingresos directamente imputados ao patrimonio neto e recoñécense na conta de perdas e ganancias como ingresos sobre unha base sistemática e racional de xeito que se relacionen cos gastos derivados do gasto ou investimento obxecto da subvención.

As subvencións, doazóns e legados que teñan carácter de reintegrables rexístranse como pasivos da empresa ata que adquiren a condición de non reintegrables.

A imputación a resultados das subvencións, doazóns e legados que teñan o carácter de non reintegrables efectuarase atendendo á súa finalidade.

**13. Combinacións de negocios:**


Durante o exercicio non se realizaron operacións desta natureza.

**14. Negocios conxuntos:**

Non existe ningunha actividade económica controlada conxuntamente con outra persoa física ou xurídica.

**15. Transaccións entre partes vinculadas:**

Non existen transaccións entre partes vinculadas.

A handwritten signature in black ink, consisting of a large, stylized initial 'A' followed by a vertical line.



#### **04 - INMOBILIZADO MATERIAL NON XERADOR DE FLUXOS DE EFECTIVO, INTANXIBLE E INVESTIMENTOS INMOBILIARIOS**

a) Análise do movemento comparativo do exercicio actual e anterior do inmovilizado material non xerador de fluxos de efectivo, intanxible e investimentos inmobiliarios e das súas correspondentes amortizacións acumuladas e correccións valorativas por deterioro de valor acumulado:

<b>Movemento do inmovilizado intanxible</b>	<b>Importe 2017</b>	<b>Importe 2016</b>
SALDO INICIAL BRUTO	70.192,75	55.073,80
(+) Entradas	13.376,55	15.118,95
(-) Saídas		
SALDO FINAL BRUTO	83.569,30	70.192,75

<b>Movements amortización inmovilizado intanxible</b>	<b>Importe 2017</b>	<b>Importe 2016</b>
SALDO INICIAL BRUTO	47.681,17	42.083,28
(+) Aumento por dotacións	11.851,27	5.597,89
(+) Aumentos por adquisicións ou traspasos		
(-) Diminucións por saídas, baixas e traspasos		
SALDO FINAL BRUTO	59.532,44	47.681,17

<b>Movements do inmovilizado material non xerador de F.E.</b>	<b>Importe 2017</b>	<b>Importe 2016</b>
SALDO INICIAL BRUTO	305.548,89	304.585,00
(+) Entradas	9.798,25	963,89
(-) Saídas		
SALDO FINAL BRUTO	315.347,14	305.548,89

<b>Movements amortización do inmovilizado material non xerador de F.E.</b>	<b>Importe 2017</b>	<b>Importe 2016</b>
SALDO INICIAL BRUTO	107.915,99	95.553,27
(+) Aumento por dotacións	12.332,10	12.362,72
(+) Aumentos por adquisicións ou traspasos		
(-) Diminucións por saídas, baixas e traspasos		
SALDO FINAL BRUTO	120.248,09	107.915,99

b) A entidade non dispón de inmovilizados intanxibles con vida útil indefinida.

#### **05 - ACTIVOS FINANCIEROS**

1. A continuación móstrase o valor en libros de cada unha das categorías de activos financeiros sinaladas na norma de rexistro e valoración novena, sen incluírse os investimentos en patrimonio de empresa de grupo, multigrupo e asociadas. De conformidade co indicado polo Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas (consulta nº 2 del BOICAC nº 87/2011) neste apartado da memoria non se inclúen os débitos cas Administracións Públicas.

<b>Créditos, derivados e outros cp</b>	<b>Importe 2017</b>	<b>Importe 2016</b>
Activos financeiros mantidos para negociar		
Activos financeiros a custo amortizado	674.375,97	679.140,14
Activos financeiros a custo		
TOTAL	674.375,97	679.140,14

<b>Total activos financeiros cp</b>	<b>Importe 2017</b>	<b>Importe 2016</b>
Activos financeiros mantidos para negociar		
Activos financeiros a custo amortizado	674.375,97	679.140,14

<b>Total activos financeiros cp</b>	<b>Importe 2017</b>	<b>Importe 2016</b>
Activos financeiros a custo		
<b>TOTAL</b>	674.375,97	679.140,14

Trasposos ou reclasificacións de activos financeiros:

Non existen trasposos ou reclasificacións dos activos financeiros.

2. Correccións por deterioro do valor orixinadas polo risco de crédito:

Non existen correccións por deterioro do valor orixinadas polo risco de crédito.

3. Empresas do grupo, multigrupo e asociadas:

A Entidade FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA DA FORMACIÓN PARA O TRABALLO non ten vinculación con entidades que poidan ser consideradas como empresas do grupo, multigrupo ou empresas asociadas.


## **06 - PASIVOS FINANCEIROS**

1. Información sobre os pasivos financeiros da entidade. De conformidade co indicado polo Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas (consulta nº 2 del BOICAC nº 87/2011) neste apartado da memoria non se inclúen os créditos cas Administracións Públicas.

Pasivos financeiros a curto prazo.

<b>Derivados e outros cp</b>	<b>Importe 2017</b>	<b>Importe 2016</b>
Pasivos financeiros a custo amortizado	2.001,53	6.907,41
Pasivos financeiros mantidos para negociar		
<b>TOTAL</b>	2.001,53	6.907,41

<b>Total pasivos financeiros a cp</b>	<b>Importe 2017</b>	<b>Importe 2016</b>
Pasivos financeiros a custo amortizado	2.001,53	6.907,41
Pasivos financeiros mantidos para negociar		
<b>TOTAL</b>	2.001,53	6.907,41





2. Información sobre:

a) Vencemento das débedas ao peche do exercicio:

	VENCIMIENTO EN ANOS						TOTAL
	1	2	3	4	5	+5	
Débedas con entidades de crédito							
Acredores por arrendamento financeiro							
Outras débedas							
Débedas con emp.grupo e asociadas							
Acredores comerciais non correntes							
Acredores comerciais e outras contas a pagar	2.001,53						2.001,53
Provedores							
Outros acredores	2.001,53						2.001,53
Débedas con características especiais							
<b>TOTAL</b>	<b>2.001,53</b>						<b>2.001,53</b>

b) Non existen débedas con garantía real.

c) Non existen liñas de desconto nin pólizas de crédito ao peche do exercicio.

**07 - FONDOS PROPIOS**

A composición e o movemento das partidas que forman o epígrafe "Fondos Propios" é a seguinte:

	Dotación Fundacional	Reservas Voluntarias	Excedentes de exercicios anteriores	Excedente do exercicio	TOTAL
<b>SALDO A 31/12/2014</b>	<b>30.000,00</b>	<b>-34.683,47</b>	<b>837.789,23</b>	<b>-13.192,41</b>	<b>819.913,35</b>
Aplicación resultado			-13.192,41	13.192,41	
Corrección omisións		9.739,69			<b>9.739,69</b>
Resultado exercicio				20.918,58	<b>20.918,58</b>
<b>SALDO A 31/12/2015</b>	<b>30.000,00</b>	<b>-24.943,78</b>	<b>824.596,82</b>	<b>20.918,58</b>	<b>850.571,62</b>
Aplicación resultado			20.918,58	-20.918,58	
Corrección omisións					
Resultado exercicio				18.338,33	<b>18.338,33</b>
<b>SALDO A 31/12/2016</b>	<b>30.000,00</b>	<b>-24.943,78</b>	<b>845.515,40</b>	<b>18.338,33</b>	<b>868.909,95</b>
Aplicación resultado			18.338,33	-18.338,33	
Corrección omisións					
Resultado exercicio				-5.008,21	<b>-5.008,21</b>
<b>SALDO A 31/12/2017</b>	<b>30.000,00</b>	<b>-24.943,78</b>	<b>863.853,73</b>	<b>-5.008,21</b>	<b>863.901,74</b>

## **08 - USUARIOS E OUTROS DEBEDORES DA ACTIVIDADE PROPIA**

<b>Denominación da conta</b>	<b>Saldo inicial</b>	<b>Entradas</b>	<b>Saídas</b>	<b>Saldo Final</b>
Usuarios debedores				
Patrocinadores	-0,20	0,00	0,00	-0,20
Outros debedores da actividade propia da fundación				
	18,72	0,00	0,00	18,72
<b>Total</b>	<b>18,52</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>18,52</b>

## **09 - SITUACIÓN FISCAL**

### 1. Saldos coas Administracións Públicas.

	<b>Exercicio 2017</b>	<b>Exercicio 2016</b>
<b>Debedor</b>		
Facenda Pública, debedor por IS	18,72	18,72
<b>Acredor</b>		
Facenda Pública, acreedora por IRPF	12.873,77	11.774,83
Organismos da Seguridade Social	14.753,56	11.711,15

### 2. Imposto sobre beneficios.

A Fundación Pública Galega da Formación para o Traballo acolleuse e aplica o réxime fiscal contido na Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, segundo a cal están exentas do Imposto sobre Sociedades, a totalidade das rendas obtidas pola Fundación, xa que todas elas están contempladas, ben no artigo 6 da citada Lei como rendas exentas, ou ben son explotacións económicas exentas.

O gasto polo Imposto sobre Sociedades de cada exercicio calcúlase en función do resultado contable antes de impostos, aumentado ou diminuído, segundo corresponda, polas diferenzas permanentes co resultado fiscal, entendidas estas como as producidas entre a base imponible do imposto e o resultado contable antes de impostos, que non reverten en períodos subseguintes. Trátanse como diferenzas permanentes os gastos e ingresos exentos.



A continuación detállanse as diferenzas temporais deducibles e impoñibles rexistradas no balance ao peche do exercicio:

RESULTADO CONTABLE			(5.008,21)
	Aumentos	Diminucións	
DIFERENZAS PERMANENTES	Resultados exentos	5.008,21	5.008,21
DIFERENZAS TEMPORAIS	Outras diferenzas		
Compensación de bases impoñibles negativas de exercicios anteriores			
<b>BASE IMPOÑIBLE (Resultado fiscal):</b>			0,00
Retencións e ingresos a conta			0,00
COTA DO EXERCICIO A DEVOLVER			0,00

No presente exercicio o importe rexistrado por gasto por imposto sobre beneficios corrente ascende a 0,00 euros.

A antigüidade e prazo previsto de recuperación fiscal das bases impoñibles negativas é a seguinte:

Exercicio base impoñible	Antigüidade	Importe 2017
2008	2008	4.057,89
2010	2010	22.433,26
2011	2011	6.728,92

## **10 - ACTIVIDADE DA ENTIDADE. RECURSOS TOTAIS OBTIDOS. RECURSOS TOTAIS EMPREGADOS.**

### **ACTIVIDADES REALIZADAS POLA FUNDACIÓN DURANTE O EXERCICIO**

**Actividades propias** (actividades realizadas pola fundación para o cumprimento dos seus fins, sen ánimo de lucro, con independencia de que a prestación ou servizo se faga de forma gratuíta o mediante contraprestación)

As funcións máis relevantes e habituais desenvolvidas pola Fundación no exercicio 2017, para o cumprimento dos seus fins, pódense agrupar nas seguintes actividades principais.

- ACTIVIDADE Nº 1: "XESTIÓN DAS SOLICITUDES DE AXUDAS DE PLANS DE FORMACIÓN".
- ACTIVIDADE Nº 2: "INFORMES ESTUDOS E GRUPOS DE TRABALLO 2017".
- ACTIVIDADE Nº 3: "ASESORAMENTO TÉCNICO e DIFUSIÓN DO SISTEMA".
- ACTIVIDADE Nº 4: "ELABORACIÓN DA DOCUMENTACIÓN DA FUNDACIÓN PARA DAR CUMPRIMENTO ÁS FACULTADES DO PADROADO".
- ACTIVIDADE Nº 5: "XESTIÓN DA CALIDADE".
- ACTIVIDADE Nº 6: "DESENVOLVEMENTO DA PÁXINA WEB COMO SEDE ELECTRÓNICA DA FPGFT"

A continuación pásase a facer unha descrición de cada unha delas.



## **ACTIVIDADE Nº 1**

**Denominación:** "XESTIÓN DAS SOLICITUDES DE AXUDAS DE PLANS DE FORMACIÓN".

**Data de realización:** xaneiro - decembro 2017.

### **Descrición da actividade:**

No exercicio 2010 a Dirección Xeral de Emprego e Formación solicitou á Fundación Pública Galega da Formación para o Traballo apoio técnico e xestión das solicitudes de axudas presentadas ao amparo da Convocatoria de subvencións para o financiamento de plans de formación dirixidos prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas 2010/2011, en concreto xestionar a Fase de análise de solicitudes dá convocatoria 2010/2011.

No exercicio 2011, o apoio técnico da Fundación abarcou novas fases da tramitación das convocatorias dos Plans de Formación: "Seguimento da execución, xustificación de custos e liquidación" da convocatoria 2010/2011 e "Análise de solicitudes" e "Seguimento da execución, xustificación de custos e liquidación" da convocatoria 2011/2012.

Desde 2012 esta actividade abarcou a totalidade da xestión das solicitudes de subvencións para o financiamento de plans de formación dirixidos prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas, que poden dividirse en tres momentos ou fases que se relacionan de seguido:

- Fase 1: "análise de solicitudes".
- Fase 2: "seguimento da execución das Accións Formativas subvencionadas".
- Fase 3: "seguimento da xustificación de custos e liquidación das Accións Formativas subvencionadas".

Un dato a ter en conta na descrición das actividades anuais é que as Convocatorias dos Plans de Formación dirixidos prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas non son coincidentes cós anos naturais, polo que nun mesmo exercicio pódense levar a cabo fases de distintas convocatorias, e incluso podería suceder que falte algunha fase, como nos exercicios 2015 e 2016 nos que non foron publicadas as Convocatorias das subvencións para o financiamento de plans de formación dirixidos prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas.

**PLANS DE FORMACIÓN 2013/2014:** Convocatoria publicada no DOG 191, do 07 de outubro de 2013.

O obxectivo fundamental do apoio á Convocatoria de Plans de Formación 2013/2014 foi finalizar, a xestión dos Plans de Formación pendentes de Resolución Final por ter incidencias sen resolver detectadas na fase do Seguimento da Xustificación de Custos e Liquidación das Accións Formativas subvencionadas a finais do 2013 e executadas no exercicio 2014 ou por ter presentados recursos xudiciais por desconformidade co procedemento de reintegro presentado pola Dirección Xeral pola non admisión da totalidade das imputacións efectuadas pola entidade.

**PLANS DE FORMACIÓN 2014/2015:** Convocatoria publicada no DOG 205, do 27 de outubro de 2014

O obxectivo fundamental do apoio á Convocatoria de Plans de Formación 2014/2015 foi finalizar co seguimento da xustificación de custos e liquidación iniciada no último trimestre do exercicio 2015 coa intermediación para a resolución de múltiples



problemas técnicos orixinados na posta en marcha da nova aplicación informática SIFO3 nesta fase de xestión dos Plans subvencionados. Para evitar incumprimentos, o 28/09/2015 foi preciso comunicar, desde a Subdirección Xeral de Formación para o Emprego a todas as entidades beneficiarias, a vinculación dá ampliación dos prazos de presentación á solución das incidencias.

A ampliación dos prazos de presentación telemática da xustificación de custos e liquidación provocou unha demora no inicio do desenvolvemento das tarefas habituais desta fase de aproximadamente 6 meses (*ata febreiro de 2016 recibíndose solicitudes de liquidacións dos plans de formación subvencionados ao abeiro da convocatoria 2014/2015*) ao que débese sumar a ampliación das tarefas de comprobación, como comprobar os cálculos de todos os custos de liquidación nos modelos xerados por SIFO3 e modificalos de ser o caso.

### **Fase 3: seguimento da xustificación de custos e liquidación**

Seguindo as instrucións recibidas do Servizo de Xestión Administrativa da Promoción Laboral e pola Subdirección Xeral da Promoción Laboral da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral, para o desenvolvemento desta actividade a función principal da Fundación en 2017 centrouse na revisión e análise final das liquidacións dos Plans non resoltos en 2016.

A revisión e análise da documentación que afecta a todos os datos obtidos nas distintas fases de xestión da convocatoria, desde os impresos normalizados de liquidación dos Plans, xerados pola nova aplicación informática SIFO3, e de todos os xustificantes de gastos elixibles que constaban no expediente (facturas, nóminas, xustificantes bancarios, TC2, contratos, presupostos, informes da avaliación da calidade, etc.) e que cumpriran o límite do 50% máximo na subcontratación en Plans Intersectoriais que figura na convocatoria, así como dos datos que figuraban na solicitude de Plans (datos tidos en conta na valoración técnica que propiciou a subvención) e os datos finais obtidos na fase de execución das accións formativas dos Plans de Formación, tales como os obtidos:

- da documentación de alumnos e de docentes,
- dos partes de asistencia das accións formativas con modalidade presencial,
- do cumprimento das porcentaxes obrigatorias que figuran na convocatoria,
- da situación laboral dos participantes respecto ao tipo de Plan no que figuran,
- dos informes dos controis efectuados polo alumnado da formación vía teleformación,
- do resultado do seguimento telefónico efectuado pola Fundación aos alumnos de cursos impartidos por teleformación,
- dos resultados do informe de seguimento realizado pola empresa AUREN, revisáronse as observacións e para detectar posibles incorreccións ou incidencias no seguimento,
- dos resultados dos informes remitidos polo servizo de Verificación de Fondos, sobre as visitas de seguimento aos cursos con clases presenciais para comparar có seguimento efectuado pola Fundación.

Neste exercicio rematáronse as seguintes actuacións nos Plans de Formación sen resolución en 2016, tales como:

- Rematouse o **proceso de Requisitos** coa comprobación e análise de toda a documentación complementaria ou obrigatoria requirida tras revisión para corrixir posibles erros ou deficiencias detectadas na documentación de xustificación económica presentada, exemplos: nóminas e facturas, xustificantes bancarios e TC2 da totalidade das persoas imputadas nas facturas das entidades beneficiarias e/ou dos provedores externos.



- Desenvolveuse o **proceso de Resolución** no que a Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral require un informe do técnico asignado para o seguimento do Plan, conforme levou a cabo os traballos de xestión e liquidación do Plan de acordo coa antedita convocatoria e baixo as súas directrices e tamén anexa unha táboa, de elaboración propia, co resumo dos datos económicos principais do Plan de Formación.

Preparouse toda a documentación da solicitude de liquidación remitida pola entidade e os cálculos dos importes definitivos (respecto á subvención outorgada, a cantidade xustificada admitida o anticipo e/ou posibles pagamentos parciais tramitados con anterioridade) para remitir á Intervención Delegada xunto coa documentación obrigatoria correspondentes a dito Plan, para continuar coa súa tramitación final dos Plans de Formación subvencionados.

- Unha vez resolta a liquidación os técnicos da fundación arquivaron definitivamente a documentación xerada ao longo de todo o seguimento, desde a fase de solicitude ata a resolución de liquidación dos Plans de Formación dirixidos prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas.

Nos casos de **recursos interpostos** polos beneficiarios das subvencións desconformes coa proposta de minoración da liquidación presentada, tívose que volver a facer unha revisión xeral dos conceptos con discrepancia dos plans afectados e volver a informar ao Servizo de Xestión Administrativa de Formación para o Emprego e/ou á Subdirección de Formación da Dirección Xeral de Emprego e Formación e facilitar toda a información e clarexar dúbidas as persoas responsables de dar resposta aos posibles recursos que se presenten.


**PLANS DE FORMACIÓN 2017/2018:** Convocatoria publicada no DOG 165, do 31 de agosto de 2017

O obxectivo fundamental do apoio á Convocatoria de Programas de formación 2017/2018 dirixidos prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas, en materia de formación de oferta centrouse na análise das solicitudes presentadas para evitar incumprimentos e verificar a idoneidade respecto aos requisitos indicados na Orde do 22 de agosto de 2017, facilitando á Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral a Resolución dentro do exercicio 2017

### **Fase 1: análise de solicitudes**

Baixo as directrices do Servizo de Planificación de Orientación e Promoción Laboral, da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral, para o desenvolvemento desta actividade a función principal da Fundación centrouse principalmente nas seguintes tarefas:

- Segundo as novidades da Convocatoria 2017/2018, elaboráronse e validáronse os instrumentos de recollida de información das solicitudes presentadas (ficha de requirimentos de cada solicitude e esquema dos distintos tipos de informes segundo tipo de Programa e Estado das solicitudes).
- Tivo lugar a análise de expedientes, segundo o tipo de Programa, para comprobar a presentación correcta de toda a documentación obrigatoria, segundo convocatoria, recollendo a información necesaria das 213 solicitudes presentadas nas fichas de requirimentos.
- Detectáronse as deficiencias que deron lugar aos requirimentos aos solicitantes, por parte da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral, e revisáronse todas as respostas presentadas para emendar as deficiencias detectadas.





- Semanalmente informouse por escrito á Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral das solicitudes revisadas, das que precisaban ser requiridas e dos requirimentos a efectuar, así como da idoneidade ou non das respostas recibidas, como contestación aos requirimentos efectuados.
- Redactáronse informes sobre casuística detectada (principalmente sobre declaracións responsables de idoneidade dos centros para impartir especialidades programadas nas solicitudes).
- Elaborouse o informe final para continuar, segundo o procedemento, coa tramitación de expedientes na Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral.

#### **Grao de cumprimento respecto ao Plan de Actuación 2017:**

Centrándonos na xestión da FPGFT de ditas convocatorias abertas en 2017, cumpre sinalar o seguinte:

- Respecto á Convocatoria de Oferta **2013/2014**, aínda que as xestións da FPGFT sobre a xustificación de custos e liquidación do 100% dos Plans de Formación pechouse ao longo do 2015, ao longo de 2016 e no exercicio 2017 tiveron que xestionarse as tarefas non previstas para dar resposta aos diferentes recursos presentados por entidades desconformes coas minoracións económicas aplicadas ao longo do exercicio 2015
- Respecto ao seguimento da execución e ao seguimento da xustificación de custos e liquidación da Convocatoria de Oferta **2014/2015**, tal e como estaba previsto finalizouse a xestión da fase de "Seguimento da Xustificación de Custos e Liquidación" dos Plans de Formación dirixidos prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas da Convocatoria 2014/15, (ORDE do 24 de outubro de 2014) pendentes de liquidar a 31/12/2016, en concreto os plans de formación pendentes de recibir ou dar resposta á proposta de iniciación do procedemento de perda parcial do dereito ao cobramento da subvención ou dá Resolución Final da Dirección Xeral.
- Respecto á Convocatoria de Oferta **2017/2018**, estaba prevista a súa publicación no primeiro trimestre do exercicio 2017 pero non foi publicada ata finais do terceiro trimestre motivo polo cal as Resolucións tiveron lugar nos últimos días do mes de decembro, impedindo que as entidades beneficiarias puideran iniciar a execución das Accións Formativas subvencionadas nos Programas de Formación resoltos favorablemente.
- A Fundación tal e como estaba previsto desenvolveu en prazo a revisión e análise do 100% das solicitudes presentadas tendo en conta que o financiamento da Convocatoria 2017/2018 superou ao financiamento da Convocatoria anterior nun 346% (o financiamento pasou de 6.500.000,00€ a 22.500.000,00€), pero non puido iniciar o seguimento da execución polos anteditos motivos.

Por todo o antedito, considerase que, en conxunto, o grao de cumprimento da actividade nº 1 adecuouse ás variables xurdidas ao longo do exercicio. Considerándose que superou o **90% da actividade prevista** (nota: a redacción dos informes e ou borradores vinculados a esta actividade figuran computados na actividade nº 2 desta Memoria).

**Localización física:** Edificios Administrativos San Lázaro, s/n - Consellería de Economía, Emprego e Industria. 15781 Santiago de Compostela.



**Recursos económicos empregados:** Os propios das oficinas e a parte imputable da nómina do persoal, segundo o nº de horas empregadas no desenvolvemento desta actividade.

**Recursos Humanos:**

- Persoal asalariado, coordinado pola directora xerente:

A totalidade do traballo de xestión, análise, control, seguimento, atención, redacción e elaboración das propostas de requirimentos e demais comunicacións e dos informes de cada un dos programas subvencionados foi desenvolvido exclusivamente polo persoal técnico da Fundación, contando co apoio dos administrativos

- *Persoal voluntario:* ningún.

**Número previsto de beneficiarios ou usuarios da actividade:**

- Beneficiarios Directos:
  - A Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral
  - Os membros do Padroado da Fundación.
  - As entidades solicitantes.
  - As empresas que colaboran na xestión da formación coas entidades solicitantes.
- Beneficiarios Indirectos: Os traballadores/as (empregados ou en situación de desemprego) e as empresas do tecido laboral de Galicia.

**ACTIVIDADE Nº 2:**

**Denominación: "INFORMES, ESTUDOS E GRUPOS DE TRABALLO 2017".**

**Descrición da actividade:**

Dende o exercicio 2010 a Fundación ven elaborando diversos informes, estudos e propostas tanto a petición da actual Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral, antiga Dirección Xeral de Emprego e Formación, como por iniciativa propia da Fundación Pública Galega da Formación para o Traballo. Ditos informes e estudos teñen como obxectivo dar resposta ás solicitudes presentadas ou ás necesidades detectadas.

Tamén, dende finais do exercicio 2011 os técnicos da Fundación participaron en grupos de traballo para o deseño da nova aplicación informática SIF03 para a xestión das distintas iniciativas da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral (Accións de Formación para Desempregados, Plans de Formación Intersectoriais e Sectoriais, Fondo Social Europeo Ocupados, Accións de Apoio e Acompañamento á Formación, e outras posibles) colaborando especialmente no referido ás convocatorias para a subvención de programas de formación dirixidos prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas.

No exercicio 2017 realizáronse diferentes actividades (informes, propostas, estudos e demais documentación solicitada) para a Dirección Xeral, referidas a continuación:

- **Informes, Estudos e Propostas de Mellora** (tanto de procedementos comó de instrumentos ou ferramentas de xestión):



- Presentáronse ente os meses de marzo a xullo, diferentes propostas de Mellora, consideracións e detección de incoherencias nos borradores de convocatoria de formación continua e revisión de Leis e Reais Decretos sobre o Sistema de Formación Profesional para o Emprego no ámbito laboral para detectar posibles incoherencias co borrador da subdirección solicitadas pola directora xerente para aportar á Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral.
- Elaboráronse diferentes estudos sobre o seguimento telefónico que incluía o guión e instrucións sobre como efectuar as chamadas ao alumnado de modalidade mixta ou teleformación 100%, unha das fichas de recollida de datos e sobre a actividade dos técnicos e sobre Especialidades impartidas a través das convocatorias xestionadas pola FUNDAE para priorizar na próxima convocatoria recoñecemento das competencias profesionais nas Comunidades Autónomas informes solicitados no marco da axuda técnica solicitada polo subdirector xeral de Promoción Laboral á directora xerente entre o mes de abril e xullo.
- Elaborouse Estudio coa análise de datos cuantitativos para 137 concellos galegos e 18 mancomunidades, agrupacións e/ou deputacións das provincias de A Coruña, Lugo e Pontevedra solicitada pola directora xerente o 31/07/2017, documentación entregada o 04/08/2017
- Redactáronse, a petición da xefatura do servizo de Xestión Administrativa da Promoción Laboral, as táboas coa relación de pagamentos tramitados á Intervención Delegada correspondentes a cada un dos PF2014/2015 resoltos en 2017 (solicitado e elaborado a finais de agosto).
- Redactáronse 51 informes de situación da convocatoria 2017/2018, entre outubro e decembro, informes solicitados pola directora xerente para informar á Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral.
- Redactáronse outros 17 informes da convocatoria 2017/2018 e sobre Incidencias detectadas na mecanización dos anexos da convocatoria xerados na aplicación SIFO3, entre outubro e decembro, informes solicitados pola directora xerente para informar á Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral.
- Elaboráronse 8 informes no mes de decembro sobre Programas Formativos que cumprían requisitos para entra na baremación segundo os criterios recollidos na convocatoria 2017/2018, informes solicitados pola directora xerente para informar á Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral
- Redactáronse 8 informes no mes de decembro sobre a casuística ocasionada pola exixencia de presentar en solicitude declaración responsable sobre o cumprimento dos requisitos esixidos para a súa inscrición no rexistro para impartir especialidades formativas non dirixidas á obtención de Certificados de Profesionalidade na convocatoria 2017/2018, informes solicitados pola Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral.
- Redactáronse 5 informes de situación definitivos da convocatoria 2017/2018, no mes de decembro, informes solicitados pola directora xerente para informar á Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral.
- Redactouse o Informe final das solicitudes dos Programas de Formación da convocatoria 2017/2018 solicitado polo director xeral de Orientación e Promoción Laboral o 28/12/2017.

▪ **Informes e documentación para o xulgado e/ou Inspección de Traballo da Seguridade Social**

- Para atender o Recurso de Reposición presentado pola CEP, procedeuse á recompilación, fotocopiado, escaneo e elaboración de guión paxinado das



9.912 páxinas coa presentación da documentación de xustificación e liquidación económica do Plan de Formación intersectorial 2014/2015, solicitada pola xefatura do servizo de Xestión Administrativa da Promoción Laboral o 26/04/2017, documentación entregada o 05/05/2017 e guión coa nova paxinación solicitada pola xefatura posteriormente que foi entregado o 22/05/2017.

- Procedeuse á elaboración de informe solicitado pola xefa do servizo de Xestión Administrativa da Promoción Laboral, para facer consulta sobre detección dun caso de simultaneidade horaria de contratos de docentes na I.T.S.S. de Lugo. Informe de 436 páxinas estruturado en 3 grandes bloques (informe entregado o 20/07/2017).

Por outro lado, neste pasado exercicio 2017 continuouse a participación nos **Grupos de Traballo** convocados por AMTEGA, participación iniciada no exercicio 2011:

Nos grupos de traballo, xunto cos xefes de servizo e técnicos da Dirección Xeral e técnicos de AMTEGA e có persoal da empresa (Altia Consultores), os técnicos da Fundación participaron na totalidade de reunións de traballo nas que foron convocados para a adaptación da aplicación SIFO3 ás novidades das distintas Convocatorias publicadas con posterioridade á posta en marcha de aplicación, especialmente nas referidas aos Programas de Formación dirixidos prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas da nova aplicación informática SIFO3 (aplicación unificadora da xestión de todas as convocatorias do sistema de Formación para o Emprego).

Dentro das tarefas específicas desenvolvidas polos técnicos da fundación destaca a aclaración das dúbidas ou suxestións xurdidas en ditas reunións de traballo sobre o seguimento de todas as fases de xestión das convocatorias de formación continua e entrega de guiños, propostas de modelos ou documentación relevante para adaptar os modelos da nova aplicación ás necesidades de seguimento.

#### **Grao de cumprimento respecto ao Plan de Actuación 2017:**

O grao de cumprimento dos obxectivos e indicadores que figuraban no Plan de Actuación 2017 a realización desta actividade pode resumirse do seguinte modo:

- Respecto a Informes e Estudos a cuantificación prevista no Plan de Actuación 2017 **superouse nun 40%**, e elaboráronse en tempo todos os informes, propostas e estudos solicitados.
- Respecto aos Grupos de Traballo **cumpríronse as previsións ao 100%**, colaborando, asistindo e participando en todas as reunións convocadas.

Pero para avaliar o grao de cumprimento de esta actividade debese ter presente outra actividade, non presente nos obxectivos e indicadores que figuraban no Plan de Actuación 2017, foi a **preparación de documentación** solicitada á FPGFT polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia ou pola Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral para dar cumprida resposta tanto aos requirimentos efectuados por organismos oficiais, tanto polo "Tribunal Superior de Xustiza de Galicia" como polos efectuados pola "Inspección de Trabajo de la Seguridad Social", ditas actividades teñen carácter urxente e supoñen a interrupción total do resto das actividades que se estiveran a desenvolver nesas datas (**actividade non prevista no Plan de Actuación 2017**).

Polo que se considera que en conxunto o grao de cumprimento da **actividade superou o obxectivo previsto nun 30%**.



**Localización física:** Edificios Administrativos San Lázaro, s/n - Consellería de Economía, Emprego e Industria 15781 Santiago de Compostela.

**Data de realización:** xaneiro - decembro 2017

**Recursos económicos empregados:** os propios das oficinas e a parte imputables da nómina do persoal segundo horas empregadas no desenvolvemento da actividade.

**Recursos Humanos:**

- Persoal asalariado: a totalidade do traballo foi desenvolvido polo persoal da Fundación, contando coa directora xerente para as tarefas de coordinación:
  - Informes e estudos: foron desenvolvidos polos técnicos da Fundación.
  - Recompilación, selección, escaneo e presentación de documentación para o xulgado: foron desenvolvidos polos técnicos da Fundación.
  - Grupos de Traballo 2017: participaron catro técnicos.
- Persoal voluntario: ningún.

**Número previsto de beneficiarios ou usuarios da actividade:**

- Beneficiarios Directos:
  - A Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral
  - Os membros do Padroado da Fundación.
- Beneficiarios Indirectos:  
Os traballadores/as (empregados ou en situación de desemprego) e as empresas do tecido laboral de Galicia.

**ACTIVIDADE Nº 3:**

**Denominación: "ASESORAMENTO TÉCNICO e DIFUSIÓN DO SISTEMA".**

**Descrición da actividade:**

No exercicio 2017 levouse a cabo a continuación desta actividade iniciada no ano 2010.

**Asesoramento Técnico:**

O Asesoramento facilitado encádrase nas diferentes Iniciativas de Formación para o Emprego sendo a máis significativa a **Formación de Oferta** que comprende os Programas de Formación dirixidos prioritariamente a traballadores ocupados e as Accións Formativas dirixidas prioritariamente a traballadores desempregados co fin de ofrecerlles unha formación que lles capacite para o desempeño cualificado das profesións e o acceso ó emprego.

As actuacións de asesoramento centráronse en dúas áreas principais de actuación:

- Atención de consultas (de usuarios en xeral)

Das consultas atendidas a usuarios en xeral a temática principalmente pódese agrupar en 3 temas que sumaron o 100% das consultas rexistradas (310):



- Resolución de dúbidas e ou información sobre a formación de oferta, (70% do total no ano 2017).
  - Resolución de dúbidas e ou información sobre a formación de demanda e outras xerais de formación (20% do total no ano 2017).
  - Resolución de dúbidas e ou información sobre cualificacións profesionais, 34 consultas (10% do total no ano 2017).
- Atención aos usuarios (entidades solicitantes e/ ou beneficiarias )

As consultas de entidades beneficiarias atendidas polos técnicos na Fundación acadaron as 5.000, entre chamadas telefónicas e/ou correos electrónicos. A temática principalmente centrouse nas diferentes fases da formación de oferta:

- Dúbidas sobre novidades na nova convocatoria de oferta.
- Incidencias xurdidas coa nova aplicación SIFO3 na fase de xustificación de custos e liquidación.
- Requirimentos en xustificación de custos e liquidación (documentación probatoria para a xustificación da liquidación da subvención executada).

#### **Difusión do sistema:**

Neste exercicio continuouse coa actualización e posterior mantemento da **páxina web da Fundación**, como un medio de difusión actividades da Fundación aos usuarios potenciais e de información e sensibilización para achegar aos usuarios información de interese para estes, facendo fincapé na difusión do Sistema da Formación para o Emprego e nos temas relacionados co mundo laboral, informando especialmente sobre as novas de formación para os traballadores (ocupados e ou en situación de desemprego) e das cualificacións profesionais (a Fundación é un punto de información recoñecido para a información das convocatorias de recoñecemento das competencias adquiridas pola experiencia profesional).

A través da páxina web tamén se atenderon consultas remitidas ao correo de información da Fundación.

Respecto á difusión do sistema a través de **eventos externos**, como Xornadas, este ano os técnicos da Fundación participaron no evento, **Encontro Autónomos - Galicia 2017**, celebrado no edificio CINC do Monte GAIÁS o día **03/07/2017**, atendendo o "stand de formación".

O cometido principal das técnicas da Fundación foi informar tanto ao público asistente como ao propio Presidente da Xunta de Galicia e demais autoridades interesadas no "stand de formación" informándoos dos servizos que aporta a oficina virtual da Xunta que se presentaba en dito encontro para cumprir os obxectivos da estratexia de autónomos 2020 e facendo fincapé no apartado de formación de autónomos, explicando o futuro acceso a cursos da Xunta e tamén sobre a próxima convocatoria de formación 2017/2018 destinada prioritariamente a traballadores en activo, da cal falou tamén no encontro tanto o Conselleiro de Economía, Emprego e Industria como o Presidente da Xunta de Galicia no acto de clausura.

#### **Grao de cumprimento respecto ao Plan de Actuación 2017:**

O grao de cumprimento dos obxectivos e indicadores de realización desta actividade que poden apreciarse no Plan de Actuación 2017 foi o seguinte:

A previsión na actividade de **asesoramento** técnico era a de atender con claridade e prontitude á totalidade das consultas, dúbidas ou suxestións recibidas diariamente,

débese ter en conta que no exercicio 2017 foi publicada a Convocatoria dos Programas de Formación dirixidos prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas polo que o número de consultas rexistradas de usuarios en xeral respecto ao exercicio 2016 acercouse ao 300% (pasou de 109 a 310 en 2017)

En conxunto o grao de cumprimento das previsións no asesoramento estímase que superou as previsións do Plan de Actuación, xa que foron atendidas o 100% das consultas (sendo o seu número un 300% superior ao exercicio anterior) e superando o 95% na rapidez nas respostas e o 95% de satisfacción nos usuarios que eran o indicadores previstos.

Respecto á **difusión** do sistema de formación para as persoas traballadoras:

- A actualización e mantemento da **páxina web** tivo lugar ao longo do exercicio 2017, neste exercicio a actualización de contidos foi diaria.
- A participación en **eventos externos**, aínda que é unha actividade circunstancial dentro das tarefas desempeñadas polo persoal técnico neste exercicio tivo a función de informar a través do "stand de formación" do **Encontro Autónomos - Galicia 2017**, dos servizos que aporta a oficina virtual da Xunta, facendo fincapé na formación de autónomos e na próxima publicación da convocatoria de formación 2017/2018.

En conxunto o grao de cumprimento das previsións na difusión estímase que superou o 100% previsto no Plan de Actuación, situándose no 110%.

Por todo o anteriormente relatado, considérase que en conxunto o grao de cumprimento global desta actividade **superou o obxectivo previsto nun 10%**.


**Localización física:** Oficinas da Fundación Pública Galega da Formación para o Tráballo (FPGFT). Edificios Administrativos San Lázaro, s/n - Consellería de Economía, Emprego e Industria 15781 Santiago de Compostela.

**Data de realización:** xaneiro - decembro 2017.

**Recursos económicos empregados:** os propios das oficinas e a parte imputables da nómina do persoal segundo horas empregadas no desenvolvemento da actividade.

**Recursos Humanos:**

- Persoal asalariado:
  - A totalidade das tarefas propias do asesoramento foi desenvolvido polo persoal técnico da Fundación, contando con apoio dos administrativos na distribución das chamadas e recollida de datos.
  - As tarefas de difusión referidas á páxina web foron desenvolvidas pola Directora/Xerente da Fundación, contando con apoio dun dos administrativos nas tarefas de xestión administrativa e a participación como asesores no Encontro externo foron desenvolvidas polos técnicos da Fundación.
- Persoal voluntario: ningún.





**Número previsto de beneficiarios ou usuarios da actividade:**

- Beneficiarios Directos: Usuarios do sistema de formación e emprego (organizacións empresariais e sindicais, consultoras, empresas en xeral, traballadores en situación de desemprego ou empregados).
- Beneficiarios Indirectos: Ningún.

**ACTIVIDADE Nº 4:**

**Denominación: "ELABORACIÓN DA DOCUMENTACIÓN DA FUNDACIÓN PARA DAR CUMPRIMENTO ÁS FACULTADES DO PADROADO"**

**Descrición da actividade:**

A Fundación ao pertencer ao sector público autonómico está obrigada a cumprir unha normativa que a regula e que é tanto de carácter civil como administrativo.

Para a elaboración da documentación obrigatoria e a documentación solicitada polo Padroado na Fundación executáronse numerosas tarefas, sendo as máis relevantes as seguintes:

- Estudo de lexislación e documentación oficial relativa as instrucións para a elaboración dos distintos documentos.
- Recompilación e análise da información (datos históricos descritivos, cualitativos e cuantitativos).
- Elaboración de táboas e gráficos.
- Redactado de todos os apartados da documentación correspondente.
- Dar formato a toda a documentación.
- Incluír a información (estados contables e memoria) na aplicación informática da Xunta.
- Presentar os borradores á xerencia da Fundación e a Dirección Xeral para a súa revisión.
- De ser o caso, modificar e rectificar o que consideren oportuno.
- Presentar toda a documentación en prazo.
- Elaborar as respostas aos posibles requirimentos ou solicitudes de aclaración efectuadas á Fundación.

A documentación elaborada, para dar cumprimento ás facultades do Padroado, foi a seguinte:

- Contas anuais 2016 da Fundación.  
A Fundación elaborou as Contas Anuais 2016 , que conteñen os seguintes documentos:
  - Balance de situación.
  - Conta de resultados.
  - Memoria de Actividades.

As Contas Anuais 2016 (elaboradas entre xaneiro e marzo 2017) para ser presentadas ao Padroado e posteriormente aprobadas. A continuación presentáronse no Protectorado, cumprindo o prazo de vinte días hábiles contados desde a súa aprobación polo Padroado e foron depositadas no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

- Elabóranse os **obxectivos e indicadores 2018 da FPGFT** en setembro 2017, unha vez elaborados os orzamentos da FPGFT 2018.

Entre xullo e setembro os administrativos procederon tanto á análise da previsión dos gastos e da anticipación de futuras necesidades, como a introdución dos datos económicos na aplicación CODEX da Xunta:

- Previsión de gastos/cálculos,
  - Obxectivos e indicadores da FPGFT,
  - Memoria de Actividades (adaptada aos orzamentos)
  - Apartado da Fundación na Memoria da Consellería.
- Plan de Actuación 2018

O Plan de Actuación 2018 da Fundación, elaborouse en decembro de 2017, dito Plan recollía os seguintes apartados:

- Obxectivos.
- Actividades previstas.
- Previsión das partidas de ingresos e gastos.
- Memoria explicativa.

O Plan de Actuación 2018 foi presentado ao Padroado, sendo aprobado, e presentouse no Protectorado, para o seu depósito no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

- Contabilidade 2017.  
Levou a cabo o envorcado dos datos da contabilidade (mensual, trimestral e anual) no soporte informático posto a disposición pola Consellería de Facenda.
- Nóminas 2017.  
Fíxose o envorcado dos datos das nóminas dos traballadores, cambios de situación laboral e recuperación de pagas extras retidas pola Administración no soporte informático BREIXO ao longo de todo o exercicio.
- Manexo do SEF.  
Fíxose o envorcado dos datos das facturas no soporte informático SEF (aplicación informática de rexistro e control das facturas recibidas pola Xunta) ao longo de todo o exercicio.

Á elaboración da documentación obrigatoria e da documentación solicitada polo Padroado, ao longo do exercicio 2017 desenvolvéndose todas as tarefas precisas para executar as funcións de apoio e asesoramento á Secretaría Xeral de Emprego, as cales incluíron a **preparación de diferentes escritos e informes solicitados por dita Secretaría**.

#### **Grao de cumprimento respecto ao Plan de Actuación 2017:**

O grao de cumprimento dos obxectivos e indicadores de realización da actividade que figuraba no Plan de Actuación 2017 pode afirmarse que **cumpriuse ao 100%**, toda a documentación da Fundación (obrigatoria e/ou solicitada), para dar cumprimento ás facultades do seu Padroado, presentouse segundo os procedementos establecidos e nos prazos previstos, os documentos elaborados foron os previstos.



Pero para avaliar o grao de cumprimento de esta actividade debese ter presente outra actividade, non presente nos obxectivos e indicadores que figuraban no Plan de Actuación 2017, foi a realización das tarefas encargadas pola Secretaria Xeral de Emprego, dita actividade ten carácter urxente e supón a interrupción total do resto das actividades que se estiveran a desenvolver nesas datas.

Polo que se considera que en conxunto o grao de cumprimento da **actividade superou o obxectivo previsto nun 10%**.

**Localización física:** Edificios Administrativos San Lázaro, s/n - Consellería de Economía, Emprego e Industria 15781 Santiago de Compostela.

**Data de realización:** xaneiro - decembro 2017.

**Recursos económicos empregados:**

- Os propios das oficinas
- A parte imputable das nóminas do persoal da Fundación, segundo as horas empregadas no desenvolvemento da actividade.
- Honorarios da xestoría.

**Recursos Humanos:**

- Persoal asalariado:
  - A directora xerente da Fundación na recompilación, tratamento e análise dos datos precisos para o redactado de diferentes escritos e informes solicitados pola Secretaria, co apoio directo dun administrativo.
  - Un técnico da Fundación para a recompilación, tratamento e análise dos datos cuantitativos e cualitativos e o redactado e elaboración da Memoria de actividades, Obxectivos e Indicadores da FPGFT para incluír na Memoria da Consellería e do Plan de Actuación, co apoio directo dun administrativo.
  - Os administrativos da Fundación para o control, revisión e envorcado tanto dos datos das nóminas, como da facturación e contabilidade. Sendo os responsables da tramitación de toda a documentación da Fundación.
  - Persoal da xestoría para a presentación dos balances e táboas da área económica.
- Persoal voluntario: ningún.

**Número previsto de beneficiarios ou usuarios da actividade:**

- Beneficiarios Directos: A Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral e/ou os membros do Padroado da Fundación.
- Beneficiarios Indirectos: Ningún.

**ACTIVIDADE Nº 5:**

**Denominación: "XESTIÓN DA CALIDADE".**

**Descrición da actividade:**

Ø Sistema de Xestión da Calidade, baseado nas exixencias da Norma **UNE-EN-ISO 9001: 2008**, recolle os oito principios de xestión da calidade. A implantación deste Sistema iniciouse no exercicio 2010, levándose a cabo no exercicio 2011.

Con data 6 de xuño de 2011 emitiuse o certificado de AENOR do "Sistema de Xestión da Calidade" con validez ata o ano 2014.

Con data 8 de maio de 2014 renovouse o certificado de AENOR do "Sistema de Xestión da Calidade" con validez ata o ano 2017. O que supuxo a revisión de todos os procesos incluídos no noso Sistema de Xestión.

Ao longo do 2012 e ata actualidade mantense o cumprimento de todos os requisitos da certificación que afectan ás actividades que figuran no Sistema de Xestión.

Desde 2011, no segundo trimestre, lévanse a cabo con carácter anual as auditorías de seguimento, a última tivo lugar o 9 de maio de 2016. Ditas auditorías externas de AENOR serven para comprobar que se estaban a cumprir os requisitos que figuran no certificado, sendo positivo o resultado das mesmas.

No exercicio 2017 a responsable de calidade desenvolveu as súas tarefas seguindo os criterios marcados pola empresa externa para acadar a adaptación da norma á versión 2015 e para a preparación do proceso de auditoría, facendo o control e seguimento para que os procesos establecidos no sistema de calidade se cumpriran por parte de todo o persoal da Fundación

#### **Grao de cumprimento respecto ao Plan de Actuación 2017:**

Polo antedito o grao de cumprimento dos obxectivos e indicadores de realización da actividade que figuran no Plan de Actuación 2017 a previsión da actividade **cumpríuse ao 100%.**

**Localización física:** Oficinas da Fundación Pública Galega da Formación para o Traballo (FPGFT). Edifícios Administrativos San Lázaro, s/n - Consellería de Traballo e Benestar 15781 Santiago de Compostela.


**Data de realización:** xaneiro - decembro 2017.

#### **Recursos económicos empregados:**

- Os propios das oficinas e a parte imputables da nómina do persoal segundo horas empregadas no desenvolvemento da actividade.
- Honorarios da empresa auditora.

#### **Recursos Humanos:**

- Persoal asalariado (UNE-EN ISO 9001: 2008)
  - Unha das técnicos da Fundación é a Responsable de Calidade. Dita responsable fixo o control e seguimento do cumprimento, por parte de todo o persoal da Fundación, dos procesos establecidos no sistema de calidade, en coordinación directa coa directora xerente.
  - Para as tarefas administrativas contou co apoio dun administrativo da Fundación.
  - Persoal da empresa consultora.
  - Supervisión da directora xerente da Fundación.
- Persoal voluntario: ningún.





### Número previsto de beneficiarios ou usuarios da actividade:

- Beneficiarios Directos:
  - A Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral.
  - Os membros do Padroado da Fundación.
  - Usuarios da Fundación.
- Beneficiarios Indirectos: Ningún.

### ACTIVIDADE Nº 6:

**Denominación:** "DESENVOLVEMENTO DA PÁXINA WEB COMO SEDE ELECTRÓNICA DA FPGFT"

### Descrición da actividade:

Esta actividade diferencíase en distintas fases, cada unha delas relacionada cun área específica desenvolvida en dita Sede Electrónica (páxina web), tomando como base os fundamentos básicos.

Ampliación de capacidade e servizos da páxina web .

Foi necesario o crecemento da Sede Electrónica (paxina web) para dar cabida aos servizos e prestacións que dende a FPGFT ofrecéronse ao público.

A función principal desta actividade centrouse en diferentes tarefas:

#### 1. Hardware:

- Soporte técnico, mantemento e aloxamento anual da páxina web.

#### 2. Software:

- Ampliación de almacenamento de datos.
- A creación dunha ferramenta interactiva para a mellora da Empregabilidade (**proxecto "FIFPE"**) está en fase de selección dos provedores potenciais.
- Ampliación da oferta de actividades aos dous idiomas básicos (galego e castelán).
- Desenvolvemento de redes socio - profesionais de xestión propia da FPGFT (**proxecto "máis 45"**) está en fase de execución.
- Busca e actualización diaria de noticias e comunicacións, envío masivo de correos.
- Ampliación de servizos xerais.

### Grao de cumprimento respecto ao Plan de Actuación 2017:

O grao de cumprimento dos obxectivos e indicadores do Plan de Actuación 2017 é como sigue:

- Respecto ao obxectivo do re/deseño da sede electrónica da FPGFT: o número de visitas á nosa páxina web superou as previsións, alcanzando as 122.000 visitas ata marzo facendo unha simulación ao exercicio falaríamos dun 20% mais do previsto.

No mes de abril cambiouse a páxina web para modernizar e adaptar o estilo aos requisitos das Fundacións Públicas e facilitar a mellora no manexo dos servizos aportados pola nosa páxina, polos motivos anteriores considerase que, en liñas

